

**PERSOAL**

MLP/mdol

Refª: 17drconvprocesoselectelectricistas

Asunto: convocatoria proceso selectivo para elaborar listas contratación temporal de oficiais electricistas

**DECRETO NÚMERO 17005108 DO 05/06/2017**

**Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o vinte e catro de maio de 2017 adoptou, entre outros, o acordo 15/299 BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE OFICIAL ELECTRICISTA.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de oficial electricista para a elaboración dunha lista para a contratación laboral temporal para cubrir as necesidades que poidan xurdir e que se rexirá polas seguintes bases:

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Elaboración dunha lista dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles, cando sexa necesario proceder a realizar unha contratación laboral temporal para cubrir as necesidades que poidan xurdir na categoría de Oficial Electricista, nos supostos previstos na Lei.

**2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:**

As e os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non presentación do DNI, da titulación e do permiso de conducir C.

Para ser admitida/o a esta convocatoria, as e os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo as e os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas/os de dereito, e as e os seus descendentes e as e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

## PERSOAL

MLP/mdol

Refª: 17drconvprocesoselectelectricistas

Asunto: convocatoria proceso selectivo para elaborar listas contratación temporal de oficiais electricistas

- b) Estar en posesión do título de técnica/o en instalacións eléctricas e automáticas, ou título superior ou equivalente na mesma especialidade.
- c) Estar en posesión do permiso de conducir C
- d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

### 3.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

### 4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse á Excm. Sra. Alcadesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais da e do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo, o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia do DNI
- b.- Fotocopia da titulación esixida.
- c.- Fotocopia do permiso de conducir C
- d.- Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

**PERSOAL**

MLP/mdol

Refª: 17drconvprocesoselectelectricistas

Asunto: convocatoria proceso selectivo para elaborar listas contratación temporal de oficiais electricistas

**5.- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

Consistirá en dúas fases:

**A) Fase de oposición:**

a) A proba teórica consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test composto por 40 preguntas relativas ó temario que figura a continuación. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, e unha delas será a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 30 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,25 puntos. A mal contestada restará 0,083, puntuará con 0 puntos a deixada en branco. Para superar a proba teórica e pasar a proba práctica, deberá acadarse polo menos unha puntuación de 5 puntos.

**TEMARIO DE MATERIAS XERAIS**

Tema 1.- O municipio de Lugo. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

Tema 2.- O procedemento administrativo: fases.

Tema 3.- O persoal ó servizo da Administración local: funcionarios propios das entidades locais. Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos e deberes.

**TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

Tema 1.- Coñecemento xeral e capacidade de interpretación dos regulamentos: Regulamento electrotécnico de baixa tensión e instrucións complementarias.

Tema 2.- Coñecemento xeral e capacidade de interpretación dos regulamentos: Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación, e instrucións técnicas complementarias do Ministerio de Industria. R.D. 337/2014 Instalacións eléctricas de alta tensión (ITC-RAT)

Tema 3.- Coñecemento xeral e capacidade de interpretación do Regulamento electrotécnico de alta tensión.

Tema 4.- Constitución electrónica da materia. Corrente continua (c/c). Corrente alterna (c/a). Magnitudes eléctricas fundamentais. Lei de Ohm.

Tema 5.- Ensamblaxe de resistencias. Efectos térmicos da corrente eléctrica.

Tema 6.- Xeradores de c/c. Leis de Kirchoff. Utilización actual dos xeradores de continua.

Tema 7.- Condensadores. Ensamblaxe de condensadores. Utilización dos condensadores como correctores do factor de potencia. Coidados para ter en conta cando se traballe cos condensadores.

Tema 8.- Magnetismo. Electromagnetismo. Xerador de c/a.

Tema 9.- Efecto autoindución e da capacidade en c/a. Circuito en serie. Circuito en paralelo.

Tema 10.- Correntes trifásicas. Circuitos monofásicos, bifásicos e trifásicos: aplicacións destas correntes. Alta tensión. Baixa tensión.

Tema 11.- Transformadores de potencia: funcionamento, tipos e proteccións.

Tema 12.- Aparellos eléctricos de alta tensión. Seccionadores. Interruptores de pequeno volume de aceite. Interruptores de gas. Transformadores de tensión.

## **PERSOAL**

MLP/mdol

Refª: 17drconvprocesoselectelectricistas

Asunto: convocatoria proceso selectivo para elaborar listas contratación temporal de oficiais electricistas

Transformadores de intensidade. Illadores. Autoválvulas. Tipos de apoios de redes. Crucetas. Condutores empregados.

Tema 13.- Aparellos eléctricos de baixa tensión. Caixa xeral de protección (CXP). Equipos de medida. Seccionadores. Interruptores en carga.

Tema 14.- Fusibles de alta e baixa tensión. Interruptores diferenciais. Postas a terra.

Tema 15.- Instalacións de distribución de enerxía en baixa tensión: materiais empregados e forma de executalas.

Tema 16.- Cadros eléctricos de baixa tensión. Compoñentes e disposición. Exemplo dun cadro para alimentación dun pequeno taller.

Tema 17.- Iluminación pública. Singularidades das instalacións de iluminación pública. Cadros. Redes. Canalizacións. Arquetas. Condutores. Tomas de terra. Soportes. Caixas de conexión. Puntos de luz.

Tema 18.- Equipos auxiliares de iluminación pública. Reactancias: tipos e modelos. Condensadores. Arrancadores. Lámpadas.

Tema 19.- Instalacións interiores. Elementos que compoñen unha instalación interior.

Tema 20.- Seguridade e saúde. Traballos en altura. Secuencias de actuación para traballos sen tensión. Secuencias de actuación para dar tensión á instalación despois do traballo. Traballos en proximidade de instalacións en tensión. Manexo de ferramentas. Tensións de seguridade. Normas para traballar en centros de transformación. Cambios de fusibles. Normas para traballar con condensadores eléctricos. Equipos de protección individual.

b) A proba práctica consistirá na resolución dun suposto práctico ou realización dalgunha tarefa proposta polo tribunal sobre algunha das cuestións e materias contidas no temario específico. O tempo para a realización deste exercicio será de dúas horas.

Estas probas serán determinadas polo tribunal inmediatamente antes da súa celebración.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan

c) Coñecemento da Lingua Galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de iniciación da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 3. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

A persoa aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

B) Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 10 puntos.

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

**PERSOAL**

MLP/mdol

Refª: 17drconvprocesoselectelectricistas

Asunto: convocatoria proceso selectivo para elaborar listas contratación temporal de oficiais electricistas

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na Administración local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Lugo, os cales unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca nunha Administración pública (Estado, comunidades autónomas, provincia ou municipio) e referidos ós últimos 10 anos: 0,023 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos, as e os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

b) Titulación:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 0,50 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza a que se opta:

c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Inscripción como demandantes de emprego:

Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. Os aspirantes deberán presentar unha certificación expedida polo INEM, acreditativa da citada

## **PERSOAL**

MLP/mdol

Refª: 17drconvprocesoselecte electricistas

Asunto: convocatoria proceso selectivo para elaborar listas contratación temporal de oficiais electricistas

inscrición e do tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a citada certificación do INEM, a cualificación neste parágrafo será de 0 puntos.

e) Coñecemento do galego:

Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega ou Celga 3: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 4: 1 punto. A puntuación máxima deste parágrafo será de 1 punto.

A puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores.

2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante. As e os aspirantes que resulten seleccionados deberán aportar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, dita documentación poderá ser requirida a todas e todos os demais aspirantes en calquera momento do proceso.

3) Os integrantes das listas que foran avisados, con constancia do feito, para facer efectiva a súa contratación e renuncien a ela ou non respondan ó chamamento tras sucesivas chamadas, pasarán a ocupar o último posto da lista. O chamamento dos/as aspirantes para traballar, realizarase dende os de maior puntuación, podendo repetirse o chamamento cando sexa preciso cubrir novas prazas, ata que se acade o ano de traballo.

### **6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

- Don Pablo Fuentes Faílde, Xefe do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª Marta Carballal Neira, Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos do Concello de Lugo.

Vogais:

- D. Alberto Cardama Cid, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas do Concello de Lugo.

Suplente: D. Efrén Pereira Alvarez, Enxeñeiro Técnico Industrial do Concello de Lugo.

- D. José Rodríguez Pena, Oficial Electricista do Concello de Lugo.

Suplente: Don Jesús Mª. García Fernández, Oficial Electricista do Concello de Lugo.

- D. José María Seijas Fernández, Aparellador (Adxunto de Servizo) do Concello de Lugo.

**PERSOAL**

MLP/mdol

Refª: 17drconvprocesoselectelectricistas

Asunto: convocatoria proceso selectivo para elaborar listas contratación temporal de oficiais electricistas

Suplente: D.<sup>a</sup> Ana Rodríguez Alvarez, Enxeñeira Técnica Topógrafa do Concello de Lugo.

Secretaria:

- D.<sup>a</sup> María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: D.<sup>a</sup> Carolina Álvarez López, Técnico de Xestión do Concello de Lugo.

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente. “

**Segundo.-** Que se proceda a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose saber que contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.